

---

---

# DANZA RITUAL DEL FUEGO EL AMOR BRUJO

Manuel de Falla

---

---

# FICHA TÉCNICA DA OBRA

- ❑ **TÍTULO DA OBRA:** Danza ritual del fuego- El amor brujo.
- ❑ **AUTOR:** Manuel de Falla
- ❑ **ANO DA COMPOSICIÓN:** 1915
- ❑ **PERÍODO MUSICAL:** Siglo XX
- ❑ **FORMA MUSICAL:** Ballet
- ❑ **FUNCIONALIDADE:** Ritual que se facía para espantar aos espíritus
- ❑ **VERSIÓN ESCOITADA:** Danza ritual del fuego- El amor brujo

# BIOGRAFÍA DO AUTOR

Manuel de Falla naceu en Cádiz o 23 de novembro de 1876. Foi un dos compositores españois máis importantes da primeira metade do século XX, xunto a outros célebres como por exemplo Isaac Albéniz, Enrique Granados, etc.

Cando era neno recibeu as súas primeiras leccións de solfeo da man de súa nai, intérprete de piano e o seu avó. Aos 9 anos continuou os seus estudos musicais con unha profesora de piano. Ademais a súa nodriza enseñoulle nanas e cancións populares que deixaron huella nel.

Cando xa era máis adulto, viaxou a Madrid para estudar piano con José Tragó, profesor de conservatorio e condiscípulo de Isaac Albéniz. Xunto con Joaquín Turina, Joaquín Rodrigo e Enrique Granados forma parte dos músicos españois máis destacados dos primeiros anos do século XX. No ano 1899, obtén o Primeiro Premio de piano. Guiado polo compositor Amadeus Vives, intenta sorte no mundo da Zarzuela, das que só estre unha.

Estudou composición co musicólogo Felipe Pedrell. De 1905 a 1905 Foi profesor de piano en Madrid, e entre 1907 e 1914 estudou e traballou en París. Os elementos máis impresionistas da súa obra procede de compositores como Claude Debussy ou Maurice Ravel, aos cales coñeceu na capital francesa.

No ano 1939 Manuel de Falla exíliase a Arxentina, e a pesar dos esforzos dos gobernos do ditador Franco, que lle ofrecía unha pensión si regresaba a España, faleceu tras sufrir unha parada cardiorrespiratoria, o 14 de novembro de 1946 en Alta Gracia, Arxentina.



# ANÁLISE MUSICAL

A “Danza ritual del fuego” pertence ao ballet El amor brujo. Esta composición fíxose pensando na bailaora Pastora Imperio. É un ballet cantado que trata dos ritos máxicos, o amor e a morte. Ao parecer, Manuel de Falla, inspirouse nas lendas xitanas que a nai de Pastora Imperio lle contou.

A Danza ritual del fuego, para espantar os malos espíritus, narra a persecución que fai o espectro de un xitano morto a Candela, a xitana que amou en vida, e como o novo amor de Candela se sinte atormentado por ese espírito. Carmelo desexa desfacerse do peso do amante morto bailando a danza del fuego con Candela.

## RITMO:

➤ **Tipo de ritmo:** Binario

➤ **Compás:** 2/4

➤ **Tempo:** Moderadamente rápido: “allegro”

➤ **Outras observacións:**

· O ritmo é o elemento máis importante desta peza, Aumenta o seu vigor cara o final.

· Ten carácter de danza ritual.

· Destaca a acentuación rítmica do piano

## MELODÍA:

➤ **Tipo de melodía:** Melodía principal construída predominantemente con graos conxuntos

➤ **Outras observacións:**

· Falla basa a melodía principal nunha canción xitana de forxa.

· A melodía ten carácter popular, de evocación máxica.

· Moi adornada mediante trinos y outros adornos; trémolos da corda que suxiren o lume

· Hai dous temas melódicos fundamentais

## **TEXTURA:**

➤ **Tipo de textura:** Predomina a melodía acompañada.

➤ **Otras observacións:**

· Armonías de corte nacionalista (influencia do flamenco) e impresionista.

## **TIMBRE:**

➤ **Tipo:** Orquesta con piano.

➤ **Otras observacións:**

· Tres flautas, un oboe, dous clarinetes, un fagot, duas trompas, timbais, percusión, piano e a corda.

· A orquestración ten influencias do impresionismo.

## **FORMA:**

➤ **Forma:** Danza libre de unha Suite.

➤ **Otras observacións:**

· Trátase dun octavo número dun total de trece

· En grandes líneas a forma constrúese sobre a alternancia dos bloques temáticos, no segundo dos cales alberga un certo desenvolvemento que, en su segunda aparición, leva á coda final.

# OPINIÓN PERSOAL

Cando escoitei a audición fíxome recordar de algún modo polo ritmo e a música en xeral ás danzas e músicas orientais. Gustoume xa que transmite certa alegría.